



Comunicado nº 002/18
10 de xaneiro de 2018

26º RALLYE BOTAFUMEIRO.

O calendario Galego de Rallyes de Asfalto recupera unha proba mítica. Despois de tres meses de negociacións cun grupo de empresarios compostelans, capitaneados por Don Eulogio Viñal que presidirá a nova “Escudería Botafumeiro”. En definitiva é a única recuperadora da proba e organizadora da mesma. Onte, en Roxos, ante a presenza do Presidente e Director de Marketing, da “Federación Galega de Automobilismo”, o grupo de empresarios oficializou o asinamento dos estatutos e consensuouse a data de celebración do Botafumeiro 2018 e a súa inclusión no Campionato Galego de Rallyes 2018.

A iniciativa culminouse, e fíxose viable, ante a filtración do previsible acordo da Comisión Delegada da “Real Federación Española de Automovilismo” de facer tres rallyes en Galicia puntuables para o Campionato de España de Rallyes 2018 que será acordado este xoves polo serán.

Ante a noticia varias Escuderías ofrecéronse a colaborar, con equipos ao completo de cronometraxe e oficiais cualificados para que a nova “Escudería Botafumeiro” teña todo o apoio institucional, organizativo, e presupostario necesario para levar a bó fin o 26º Rallye Botafumeiro.

A Entidade de nova creación, sen ataduras nin débedas pasadas, asume o desafío de volver a poñer en marcha unha proba con vintecinco edicións as súas costas.

A primeira remítese ao ano 1985. Desde entón deixou de disputarse, por diferentes motivos, nos anos 1989, 1992, 2002, 2008 e 2013. E do 2015 en diante.

O regreso do Rali Botafumeiro está xa confirmado para o último fin de semana do mes de agosto, o venres 24 e o sábado 25.

A Escudería prevé un orzamento de entre 100.000 e 120.000 euros. O primeiro día os pilotos terán que completar un tramo especial e para a segunda xornada quedarían os tramos a dobre pasada. Parte do trazado, por Compostela e municipios limítrofes.